



Problema911: Nomea os seguintes compostos:

$ \begin{array}{c} \text{CH}_3 \quad \text{CH}_2\text{---CH}_3 \\ \quad \\ \text{CH}_3\text{---C---CH}_2\text{---C---CH}_2\text{---CH}_3 \\ \quad \\ \text{CH}_3 \quad \text{CH}_3 \end{array} $	$ \text{CH}_3\text{---CH}_2\text{---C(=CH---CH}_2\text{OH)} \\ \\ \text{CH}_3 $
$\text{CH}_2=\text{CH---CH}=\text{CH---CH}=\text{CH}_2$	$\text{CH}_2=\text{CH---CHO}$
$ \begin{array}{c} \text{CH}\equiv\text{C---CH---CH}_3 \\ \\ \text{CH}_3 \end{array} $	




Buscamos a cadea de carbonos máis longa. Ten 6 carbonos, é un hexano. Colocamos os localizadores desde o carbono que ten máis próximo un radical, é o carbono da esquerda. Temos tres metilos, dous no carbono 2, outro no carbono 4. Tamén hai un etilo no 4. Ordenamos os radicais por orde alfabética, etilo vai antes que metilo.

4-etil-2,2,4-trimetilhexano




Temos unha cadea de 6 carbonos, pensamos no hexano. Pero ten dobres enlaces, entón será hexeno. Pero son tres os dobres enlaces, será un hexatrieno. Contando polo extremo máis próximo a unha dobre enlace (neste caso dá igual) damos os localizadores dos dobres enlaces. Lembra que o localizador do dobre enlace corresponde ao do primeiro carbono, neste caso están no 1, 3 e 5.

1,3,5-hexatrieno



A cadea máis longa ten 4 carbono, pensamos no butano. Pero ten un triplo enlace, será un butino. Tamén ten un metilo. Asignamos localizadores polo extremo máis próximo ás insaturacións, dobres ou triplos enlaces. Neste caso o triplo enlace está no 1 e o metilo no 3.

3-metil-1-butino ou **3-metilbut-1-ino**



A cadea máis longa ten 5 carbonos, pensamos no pentano. Pero ten un dobre enlace, será un penteno. Pero tamén ten un OH característico dos alcois, será un pentenol. Tamén hai un metilo. Os localizadores colocámoslos polo extremos que teña máis preto a función principal, o alcol.

3-metil-2-penten-1-ol ou **3-metil-pent-2-en-1-ol**



Tres carbonos fannos pensar nun propano. Pero ten un dobre enlace, será ou propeno. Pero tamén ten un grupo aldehído, será un pentenal. Os localizadores parten do grupo aldehído, pero neste caso non fai falta indicalos pois só pode existir este pentenal.

2-pentenal ou **pentenal**